

SAT Oural de Beariz

08

RESUMO DE ACTIVIDADES 2009

03

AS OBRIGAS DOS SOCIOS

05

I FESTA DO PORCO CELTA NA FONSAGRADA

14

Traballando con ilusión polo Porco Celta

Amigos do Porco Celta:

Aproveito a ocasión que me brinda esta publicación, a Revista ASOPORCEL, para presentarme como novo presidente da Asociación de Criadores de Gando Porcino Celta. Deste xeito, súmome humildemente a este ilusionante e importante proxecto do Porco Celta, para que traballando arreo coa Xunta Directiva, sacar adiante tódolos proxectos e obxectivos que a Asociación se marca no día a día. Unha incorporación que, xunto á outro compañeiro, foi ratificada unanimemente por vós na asemblea xeral de socios do mes de Maio, apoio que teño que agradecer vos encarecidamente.

Particularmente, e creo que coincido co resto dos meus compañeiros, a miña chegada a ASOPORCEL ven marcada pola modestia, a ilusión e o esforzo a prol da nosa querida Raza Porcina Celta. Modestia porque non é a miña pretensión actuar como un presidente, se me permitides, presidencialista, senón como un compañeiro máis que adicará todo o seu esforzo a traballar por mellora-la Raza e dar a coñece-la calidade dos seus produtos, por consolidar e expandir o Porco Celta non só na nosa terra senón tamén nos mercados nacionais e internacionais. Este esforzo está sustentado por unha ilusión enorme de formar parte dun proxecto, o do Porco Celta, apaixonante e de crecente importancia no noso medio rural.

Neste senso, debo agradecer encarecidamente o apoio e a confianza que os socios veñen de depositar na xunta directiva que teño o honra de presidir. Sodes vós, os socios de ASOPORCEL, os verdadeiros protagonistas deste proxecto de coidado da Raza. Grazas ao voso esforzo e adicación é polo que a Raza pervive e se consolida paulatinamente nas explotacións e nos mercados e por iso quero pedirvos que non vos desanimedes, que sigades traballando arreo pola Raza Porcina Celta, porque estaremos ao voso lado para apoiarnos e axudarnos en todo o que estea na nosa man. Tamén quero aproveitar este espazo para pedirvos un esforzo, aínda máis se cabe, para que incrementemos a nosa base produtiva, xa que estamos nun momento doce, no que os produtos de Porco Celta son cada vez máis coñecidos nos mercados, porque contamos cun apoio institucional crecente e máis se tamén temos en conta os dous

importantes proxectos e retos de futuro que temos entre mans: a creación e posta en marcha da comercializadora de Porco Celta e o Congreso Mundial do Xamón que celebraremos en Lugo en 2011.



Do mesmo xeito, non sería xusto rematar esta modesta intervención sen agradece-lo inmenso apoio institucional que ASOPORCEL está a ter, e sobre todo, desde a Consellería do Medio Rural, xa que a pesares de seren poucos os meses que levan os novos cargos de dita Consellería no desenvolvemento das súas funcións, contamos desde un principio co apoio, o asesoramento e o alento por parte do equipo de Medio Rural, encabezados polo seu Conselleiro, D. Samuel Juárez. Desde aquí agradecemos este apoio e esperamos contribuír ao mesmo con toda a nosa vontade e traballo diario a prol do Porco Celta.

Sen máis despídome, reiterando a miña gratitude e animándovos a seguir traballando polo noso Porco Celta, esperando a vosa participación o vindeiro ano 2010 nos importantes proxectos e actividades, que actualmente estamos pechando, que contribuirán ao noso crecemento como Asociación e a incrementar a importancia da nosa Raza, o Porco Celta.

sumario

- 03 Resumo de actividades: xaneiro-outubro 2009
- 04 Novas: Novo presidente. Novo personal. Visita da directiva a Extremadura e Gujuelo
- 05 Especial: As obrigas dos socios
- 08 Entrevista: SAT Oural de Beariz, José Balboa e Tomás Sancho
- 11 Formación: Novo Real Decreto sobre extensivo e Programa Sanitario
- 14 Novas: Asemblea xeral de socios: a comercializadora. I Festa Porco Celta da Fonsagrada
- 15 Novas: Actividades 2010. VI Congreso Mundial do Xamón.

ASOPORCEL
Asociación de Criadores de Gando Porcino Celta

Pazo de Feiras e Congresos de Lugo
Avda. dos Deportes s/n, Lugo 27004

tel 982 226 252 | 982 285 214
fax 982 285 209

Edita: ASOPORCEL

Produce: Ancaria Comunicación | www.ancaria.eu

Fotografía: Arquivo ASOPORCEL e Ancaria Comunicación

www.asoporcel.com

Resumo de actividades

Lembrámosvos as actividades levadas a cabo correspondentes ao primeiro trimestre do ano das que tedes información no anterior número da revista ASOPORCEL:

- **I Feira de Gando Autóctono de Melide:** 25 de Xaneiro de 2009.
- **I Xornadas Galegas do Porco Celta:** 5, 6 e 7 de febreiro, Lugo.
- **Cocido Radiofónico:** Febreiro de 2009. La Voz de Galicia e Radiovoz, Santiago de Compostela.
- **Entrevista en directo no programa “Bos Días” da Televisión de Galicia:** 4 marzo de 2009.
- **Envío de Xamón Celta para o Campionato do Mundo de Vela.**
- **Promoción de Porco Celta na Escola de Hostalería de Pontedeume:** 9 marzo de 2009.
- **Charla informativa no Centro de Capacitación Agraria de Sergude (Boqueixón)**
- **Presentación aos medios de comunicación de Bergantiños:** A Laracha, 19 de febreiro.
- **A Posta de Sarria:** 8 febreiro de 2009. Menú: Cocido de Porco Celta para 430 persoas.
- **II Xornadas Gastronomicas do Porco Celta de Manzaneda (Ourense):** 7, 8 de febreiro.
- **Festa do Porco Celta de Beariz (Ourense):** Marzo de 2009. Menú de Porco Celta para 600 comensais.

recinto feiral acolleu un stand e varias corraletas con animais vivos, desde os cales ASOPORCEL amosou as bondades do Porco Celta, chamando poderosamente a atención de todo o público visitante. Na propia inauguración do certame, o presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo interesouse especialmente pola nosa raza, logo das indicacións do coordinador xeral, Xosé Antonio Carril. Os exemplares de Porco Celta foron cedidos por Explotaciones Gallegas S.L. de O Pino (A Coruña), á cal ASOPORCEL agradece enormemente a cesión.

Salimat, Salón de Alimentación do Atlántico. Silleda. Do 11 ao 14 de xuño: A Feira Internacional de Galicia acolleu a celebración dunha nova edición de Salimat na que o Porco Celta estivo presente a través dun stand financiado por Soutos Galegos, con produtos elaborados. No stand foron invitados a participar gratuitamente todos os elaboradores-colaboradores de Porco Celta de Galicia.



O certame é unha grande plataforma na que se dan a coñecer todo tipo de produtos alimentarios pertencentes ao sector da alimentación do noroeste peninsular: produtos ecolóxicos e artesáns de Galicia, alimentos cárnicos, lácteos, bebidas, viños, etc. A presenza de Soutos Galegos en Salimat forma parte das actividades de promoción de Soutos a prol dos produtos de Porco Celta.

Feira Medieval de Corcubión. Xullo 2009: A feira contou coa presenza de animais vivos cedidos amablemente por Álvaro Alvarelos, membro da directiva de ASOPORCEL, provintes da súa explotación de Muxía. Do mesmo xeito, contou tamén cun stand de venda e degustación de produtos elaborados de Porco Celta tamén a cargo de Álvaro.

Festa do Porco Celta de Corcubión, 8 de agosto de 2009: O segundo sábado de agosto, como é tradición, celebrouse a cuarta edición dunha festa gastronómica, a do Porco Celta de Corcubión (A Coruña). A festa contou con diversas actividades gratuítas para os máis pequenos (hinchables, xogos, títeres) entre as que destacou un concurso de debuxo arredor do Porco Celta. Tamén houbo venda e degustación de produtos desta Raza porcina. O menú degustación, do que se serviron 2.000 racións contou con pratos coma paleta asada, táboa de embutidos, empanada de carne, chouriciños ao viño e o produto estrela, carne á pedra, todos eles de Porco Celta. Pola noite a Tuna de Veteranos de A Coruña e un grupo folk pecharon unha xornada na que o Porco Celta foi o grande protagonista.

Actividades marzo-outubro 2009

Festa de Arzúa, o 10 de maio de 2009: o Porco Celta está presente no menú das festas de Arzúa. Concretamente, sérvense un prato elaborado con costela de Porco Celta.



Semana Verde. Silleda. Do 11 a 14 de xuño: como xa é habitual, ASOPORCEL participa na XXXII edición da Semana Verde de Silleda (Pontevedra). Un dos certames gandeiros máis importantes do noroeste peninsular, que contou cun grande éxito de participación e público. Desta forma, o pavillón 4 do

Expolugo 2009: ASOPORCEL participa na IV Mostra Gandeira e Agroalimentaria dentro da feira multisectorial Expolugo, que se celebrou no Pazo de Feiras e Congresos de Lugo do 2 ao 5 de outubro. Un evento que contou coa asistencia de preto de 16.000 visitantes que puideron apreciar as bondades da raza Porcina Celta no stand expositivo de ASOPORCEL, que contou con animais vivos da gandaría de Santiago Rodríguez, secretario da Asociación, provintes da súa finca O Manxal (Taboada, Lugo), e a o cal agradecemos a súa disposición e colaboración. Desde el os técnicos e responsables da Asociación asesoraron a todos aqueles que se interesaron pola nosa Raza, que ademais puideron observar as cualidades da mesma nos animais vivos que conformaban a exposición. Dentro das actividades técnicas especializadas de Expolugo, ASOPORCEL organizou dúas charlas formativas para gandeiros e celebrou, así mesmo, unha asemblea de socios onde se pecharon diversos temas de importancia especial para a Asociación e a Raza. Das

charlas e da Asemblea falamos nun apartado específico desta revista.

II Jornadas do Porco Celta da Costa da Morte: O sábado 17 de outubro de 2009 a Casa da Cultura de Corcubión, acolleu a celebración dunha xornada organizada pola Asociación Amigos do Porco Celta "Costa da Morte" sobre o porco celta. Tratáronse temas relacionados con axudas, tipos de explotacións, vantaxes e comparacións con outros tipos de explotacións. Tres foron os poñentes protagonistas: Xosé Antonio Carril, coordinador xeral de ASOPORCEL, que falou da planificación dos sistemas produtivos con Porco Celta ao aire libre. Gerardo Rivero, Xefe de servizo de Producción Animal, da Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia, e María Tocón, representante da Asociación de Cerdo Ibérico de Extremadura. Tras as charlas técnicas tivo lugar unha degustación de produtos de Porco Celta.

Novo presidente de ASOPORCEL

Nunha asemblea extraordinaria celebrada o pasado mes de maio as señoras e señores socios de ASOPORCEL aprobaron o nomeamento do novo presidente. Deste xeito, o cadro directivo da Asociación queda conformado por:

Presidente: **Manuel Losada Fernández (Lugo)**

Vicepresidente: **José Balboa Rodríguez (Ourense)**

Secretario: **Santiago Rodríguez-Villasante Daviña (Lugo)**

Tesoreiro: **Carlos González Cabarcos (Lugo)**

Vocal: **Fernando Sanesteban Coira (A Coruña)**

Vocal: **Alvaro Alvarellos Areas (A Coruña)**

Vocal: **Carlos Vilar Díaz (A Coruña)**

Coordinador xeral e interventor: **J. Antonio Carril González-Barros (Lugo)**

Asesor e socio de honra: **Quirino Pisonero Pérez (A Coruña)**

Asesor e socio de honra: **César Pérez Martínez (A Coruña)**

Novo persoal para a Asociación

Grazas ao Programa de Fomento do Emprego da Dirección Xeral de Promoción do Emprego da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, programa cofinanciado polo Fondo Social Europeo "O FSE inviste no teu futuro", a nosa Asociación recibiu a aprobación da axuda que permite a contratación de novo persoal cualificado para o desenvolvemento das actividades do Programa de Recuperación do Porco Celta, debido ao incremento no número de socios e do censo de animais, así como dos servizos que se lles presta aos socios participantes nese programa de recuperación.

En concreto a Orde do 29 de decembro de 2008 subvenciona a contratación de traballadores desempregados polas administracións públicas diferentes da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro, enmarcadas dentro do programa "Adaptabilidade e Emprego PO2007ES05UPO001".

Deste xeito, desde novembro ASOPORCEL conta co traballo de dous novos veterinarios, así coma dunha administrativa. A todos eles dámoslles a benvinda e animámoslos a traballar arreo pola nosa Raza Porcina Celta.

Visita da directiva a Extremadura e Guijuelo

O pasado mes de setembro, varios membros da Xunta Directiva de ASOPORCEL, acompañados polo coordinador xeral da Asociación, Xosé Antonio Carril, viaxaron ata Extremadura e Guijuelo (Salamanca) para observar e analizar os procesos de elaboración, produción e comercialización de produtos derivados de porco ibérico.

Concretamente foron recibidos e asesorados por representantes da Asociación de Produtores de Porcino Ibérico de Extremadura, que ven de poñer en marcha unha comercializadora que propiciará a venda directa dos seus produtos. Para elo visitaron a sede da asociación, así como diversas explotacións colaboradoras no proxecto.

A visita causou grande satisfacción entre os nosos directivos, xa que a experiencia vivida, os contactos obtidos así como as técnicas aprendidas vanlles a servir para aplicar na produción de Porco Celta moi proveitosamente.

Deste xeito, ASOPORCEL traballa dende entón na constitución dunha Comercializadora para Porco Celta, logo da aprobación da mesma por parte da Asemblea de Socios celebrada o pasado 3 de outubro en Lugo.

As obrigas dos socios

Compromiso de Xestión Medioambiental: Resumo do Código de Boas Prácticas Agrogandeiras

1) Medioambiente

As gandarías de ASOPORCEL comprométese a respectar as seguintes prácticas:

- a) Non realizar queima de restollos ou de pastos, salvo autorización expresa da Consellería de Medio Rural.
- b) Non efectuar laboreo de forma convencional a favor da pendente das parcelas da explotación, salvo autorización expresa da Consellería de Medio Rural.
- c) Non exceder os límites das doses de fertilización con abonos minerais recomendadas polos servizos técnicos comarcais da Consellería de Medio Rural.
- d) Retirar das súas parcelas os restos de podas, plásticos usados e demais materias residuais sobrantes do proceso produtivo, e depositalos en lugares axeitados.
- e) Respectar as indicacións dos fabricantes no uso de pesticidas e herbicidas, e retirar os residuos unha vez efectuada a aplicación correspondente.
- f) Almacenar o esterco e dexeccións do gando en estercoleiro e fosas con estanquidade suficiente para impedir perdas por lixiviación de líquidos, e con capacidade adecuada en función das saídas e distribución do esterco almacenado ás leiras e cultivos da explotación.

2) Benestar dos animais

O petionario comprométese a cumprir o Real Decreto 348/2000 de 10 de marzo que incorpora ao ordenamento xurídico a Directiva 98/58/CE, de 20 de xullo, relativa á protección dos animais nas explotacións gandeiras. Comprométese, ademais, a cumprir o Real Decreto 229/1198, de 16 de febreiro, sobre normas mínimas de protección de cochos.

a) Atencións, aloxamento e alimentación dos animais

Os animais deben ser atendidos por un número suficiente de persoas que posúen os coñecementos necesarios. Deben ser inspeccionados unha vez ao día como mínimo, dispendo de luz apropiada para realizar esta inspección. Os que estean enfermos ou feridos se illan en lugares adecuados e reciben inmediatamente o tratamento debido.

Non se debe limitar a liberdade de movementos propia dos animais e evitaráselles sufrimento ou danos innecesarios. Os que estean atados deben ter a capacidade de movementos que satisfagan as súas necesidades fisiolóxicas e etolóxicas.

En canto aos aloxamentos dos animais, estes disporán das dimensións e materiais de construción axeitados, carecendo de bordos afiados ou saíntes. Os chans non serán esvaradíos e non presentarán asperezas. A circulación do aire, o nivel de pó, a temperatura, a humidade relativa do aire e a concentración de gases

debe manterse dentro dos límites que non son prexudiciais para os animais. A luz natural debe ser suficiente para as necesidades fisiolóxicas e etolóxicas, complementada coa luz artificial adecuada. Os equipos automáticos ou mecánicos indispensables para a saúde ou benestar dos animais inspeccionaranse polo menos unha vez ao día.

Os currais manteranse en bo estado, e non se administrará aos animais sustancias que non sexan administradas con fins terapéuticos ou profilácticos. Os bacoriños de menos de dúas semanas teñen que ter cama adecuada.

O acceso aos alimentos será a intervalos axeitados, proporcionando unha alimentación sá e adecuada ás necesidades de nutrición, e auga salubre en cantidade suficiente. Hai que ter en conta que os porcos maman na cocha nas primeiras seis horas de vida. Os equipos para a subministración de alimentos e auga deben estar concibidos, construídos e situados de maneira que reduzan os riscos de contaminación de alimentos e as pugnas entre animais.



b) Procedementos de cría

Utilizaranse procedementos de cría naturais ou artificiais que non ocasionan sufrimentos ou feridas a calquera dos animais afectados, e tamén procedementos de cría que poidan causar sufrimento ou feridas de pouca importancia ou momentáneos ou que poden requirir intervención sen posibilidade de causar dano duradeiro, sempre que estean permitidos polas disposicións. Do mesmo xeito, respectarase a normativa sobre mutilacións.

Finalmente o propietario ou criador de animais debe levar un rexistro no que se indique calquera tratamento médico prestado, así como o número de animais mortos descubertos en cada inspección. Devanditos rexistros mantéñense durante tres anos como mínimo.

3) Hixiene da explotación

O peticionario comprométese a cumprir as guías de prácticas correctas de hixiene nacionais fomentadas polo MARM.

a) Limpeza e desinfección de instalacións

Cando os animais están estabulados procédese todos os días a retirar os xurros e esterco, acomodar as camas dos animais, revisar comedeiros e bebedoiros e retirar os sobrantes do comedeiro.

Cando sexa necesario, pero cunha frecuencia máxima de quince días, limpanse os compartimentos dos porcos estabulados e cunha frecuencia máxima de sete días, as naves con grella, utilizando auga a presión. Cada dous meses deberase cambiar a cama de serrín e palla na estabulación libre.

Polo menos unha vez ao ano, debe procederse a lavar a presión con auga e xabón, aplicar un desinfectante, reparar gretas, buracos, fisuras,..., e realizar un baleiro sanitario.

b) Control de medicamentos veterinarios

O peticionario comprométese a gardar o libro de tratamentos e as receitas veterinarias. O libro de tratamentos debe recoller de forma clara cales foron os animais tratados e con que produtos. Os medicamentos almacénanse segundo os requirimentos indicados nas receitas e respéctanse as datas de caducidade. A eliminación dos medicamentos debe realizarse de forma respectuosa co medio ambiente e xestionarse como residuo do xeito máis adecuado que establezan as autoridades competentes.

c) Xestión de envases e cadáveres. Esterco e xurros

Os envases baleiros, os produtos químicos caducados, e demais restos orgánicos cualificados como perigosos eliminaranse segundo os sistemas oficiais de recollida. Non se abandonaran sacos, bolsas de plástico nin calquera outro tipo de material perigoso na contorna ambiental e, ademais, non se reutilizarán estes envases para outros usos non autorizados.

Cando un animal morre na explotación separárase do resto e dárase aviso da súa morte. A retirada de animais mortos na explotación e o traslado e tratamento dos cadáveres faise a través dun xestor autorizado de residuos en cumprimento da lexislación vixente establecida.

Os esterco e xurros producidos polos animais na explotación almacénanse en estercoleiros e fosas con estanquidade suficiente para impedir perdas por lixiviación de líquidos e, evitar deste xeito, a contaminación de augas superficiais e subterráneas.



d) Hixiene e seguridade no traballo do persoal

As persoas en contacto cos animais deben estar en correcto estado de saúde, non padecer enfermidades contaxiosas, e respectar as normas de manexo e hixiénico-sanitarias establecidas na explotación. A entrada de persoal alleo á explotación estará controlada e, en todo caso, debe ser respectuosa coas normas establecidas e levan o equipamento axeitado.

Os traballadores da explotación actuarán baixo normas de prevención de riscos laborais durante a estancia en instalacións e nas operacións con máquinas, equipos, útiles e ferramentas para previr riscos persoais e xerais. Prestarase especial precaución no manexo de animais que potencialmente poidan ser agresivos ou perigosos.

4) Alimentación dos animais

Os alimentos dos animais deben ser producidos preferentemente na propia explotación, con sistemas de produción baseados na máxima utilización dos recursos propios. O aproveitamento dos montes será prioritario segundo a súa dispoñibilidade ao longo do ano.

Os cochos lactantes alimentaranse por amamentamento natural polo menos durante os dous primeiros meses de vida. Os cochos en fase de cebo deben ser alimentados con recursos propios e penso composto desde o momento do destete ata o seu sacrificio. Utilizaranse pensos cuxa composición axustar á Lista Positiva de compoñentes establecida no Regulamento da marca de Garantía Porcoelta, e carentes de calquera sustancia que se utilice para estimular o crecemento ou a produción.

5) Sanidade animal

A explotación debe dispor e aplicar un Programa Sanitario supervisado polo veterinario responsable da explotación, e incluírá: controis serolóxicos, desparasitación polo menos unha vez ao ano e vacinas propostas por veterinario responsable da explotación.



6) Produción e manexo

Por termino medio, todas as porcas da explotación acostuman a parir dúas veces ó ano. Soen nacer unha media de 9,58 leitóns/parto, aproximadamente sobreviven 7,39 leitóns/partos o resto morren antes do destete, este dato danos un 22% de mortalidade, o que está moi ben contando coa rusticidade coa que conta a nosa raza. Dos leitóns destetados o número dispoñible para venda ao destete ou para cebo é do 80% dos nados.

O ciclo reproductivo dunha porca é aproximadamente de 3 meses 3 semanas e 3 días. Despois do destete, os leitóns pasan a unha fase de precebo xa separados das súas nais, ou ben ser separados algúns exemplares para a recría ou venda como reprodutores. As porcas teñen o seu primeiro parto cunha media de 11 meses, sendo esa a media recomendada, xa que suponse que xa ten un desenvolvemento axeitado.

Unha vez que as reproductoras chegan ao final da súa vida reproductiva son retiradas e substituídas por animais de reposición. Os animais de reposición están inscritos nos rexistros do libro xenealóxico de ASOPORCEL.



Compromiso de Xestión Xenealóxica dos animais: premisas básicas para a correcta inscrición dos exemplares de Porco Celta no Libro Xenealóxico da Raza.

Toda explotación adicada á cría de Porco Celta deberá cumprir a normativa básica vixente en explotacións porcinas. Deste xeito, deberá estar rexistrada no Libro Xenealóxico da Raza xestionado por ASOPORCEL ou no OCI (Órgano Coordinador e Inspector da comercialización de Porco Celta). No Libro constarán os datos esixidos pola lexislación vixente en canto a identificación e rexistro dos animais.

Desta forma, poderán inscribirse as explotacións situadas na zona de produción e as destinadas á obtención de produtos coa marca de calidade de Porco Celta. Cada explotación deberá cumprir a normativa básica de explotacións porcinas, as normas mínimas de protección dos animais así como todas as normas vixentes en canto a sanidade animal. Do mesmo xeito, o libro da explotación deberá rexistrar todas as medicinas que se lle subministren a cada animal.

O produtor deberá controlar todos os movementos de animais realizados, cubrindo para elo o apartado de “Altas/Baixas” do libro de explotación e o impreso PC-04, que debe ser remitido á Asociación para modificar os datos no Libro Xenealóxico. Da mesma maneira, o produtor informará do parto de cada reproductora nada máis producirse e pesando os leitóns nada máis nacer.

Ante calquera incidencia sanitaria con respecto aos animais, rexistrarase aquela no libro de explotación, no apartado de incidencias de tratamentos, para que quede constancia. No caso do Porco Celta, duplicaremos o período de espera para ese animal e ese tratamento.

SAT Oural de Beariz

José Balboa e Tomás Sancho



A maior SAT de Porco Celta do mundo ubícase no Concello de Beariz (Ourense) Formada por seis socios, é unha das maiores inversións nos últimos anos en Beariz. As súas máis de 105 hectáreas nos montes da parroquia de Lebozán, o seu cebadeiro supera os 150 animais de media. Achegámonos a un proxecto certamente importante para o devir do Porco Celta na zona.

Falamos en primeiro lugar con **Pepe Balboa**, un dos socios fundadores e membro actual da SAT Oural de Beariz:

A primeira pregunta é obrigada: Porqué Porco Celta e non outra raza porcina?

Hai catro anos, decidín adicar parte da miña actividade diaria á gandaría, en concreto ao sector porcino. Coma raza autóctona galega en perigo de extinción, a idea de contribuír á recuperación do Porco Celta supuña unha grande motivación para min. Deste xeito, decidín criar animais desta raza e primeiro desde a miña explotación, e despois coa SAT Oural. Co tempo, vimos que ademais a Raza tiña unha grande repercusión práctica na nosa zona, en Beariz, porque podía supoñer unha importante dinamización do noso rural.

Ademais, imaxinamos que as características propias da Raza tamén inflúen...

O simple feito de saborear a súa carne non ten comparación con outras razas. O potencial do Porco Celta, e isto o din diversos estudos feitos sobre el, é enorme si se cría nas condicións idóneas. Neste senso, o ecosistema de Beariz é perfecto, moi rico en carballos e castaños. En Beariz estamos a 800 metros por riba do nivel do mar e a 30 quilómetros da costa, polo que os ventos do norte e do oeste xeran un clima duro. Pese a elo, o Porco Celta soporta moi ben a intemperie e o exterior. Os nosos porcos aliméntanse de pasto, levando a cabo un desbroce continuo que propicia novos brotes nos montes nos que habitan, e de cereal. A súa alimentación está controlada e é natural. Neste senso, unha das claves do éxito desta Raza é críala con honestidade, humildade e agarimo, é dicir, facelo propiciando as condicións idóneas de alimento, benestar animal, entorno natural, etc. Do mesmo xeito, temos que aprender deles, dos animais, das súas aptitudes para darlles a resposta axeitada.

Cando nace o proxecto da SAT Oural e cales son as súas motivacións?

A SAT Oural de Beariz nace en 2007 e é a unión de diversas explotacións familiares de Porco Celta. Coa axuda do Instituto Ourense de Desenvolvemento Económico (INORDE), é fundada inicialmente por 8 socios, dos cales hoxe quedan 6. A SAT Oural busca entón espazos nos que crear un cebadeiro común e os atopa na parroquia de Lebozán, onde se chega a un acordo económico de cesión de terreos cos veciños da mesma, os cales foron moi xenerosos connosco.



José Balboa, socio fundador da SAT Oural

Deste xeito, unha vez os exemplares alcanzan os 40-50 quilos nas explotacións, pasan ao cebadeiro comunitario, que conta con 105 hectáreas divididas en diferentes fases. Hoxe contamos con 160 exemplares de diferentes idades que distribuimos en distintos cuarteis diferenciados dentro do cebadeiro. Antes de fin de ano esperamos chegar aos 220 animais. O óptimo para dar resposta á demanda actual é contar con 300 animais en cebadeiro e subministrarnos uns 100 mínimos por tempada. A idea de crear a SAT Oural nace co obxectivo de dinamizar a nosa zona e de facer crecer o Porco Celta en Beariz en todas as súas fases: dende que nace ata a elaboración dos seus produtos para o mercado.

A SAT Oural logo leva a cabo o ciclo de cría e elaboración do Porco Celta?

Non aínda non, esta é a idea inicial pero o proxecto de elaboración e comercialización é de futuro, aínda que xa traballamos nel. Dende que nace a SAT o obxectivo é criar Porco Celta nesta zona e elaborar tamén aquí produtos derivados del. Pero o proceso é lento. O primeiro paso é consolidar a cría e o cebadeiro. E o seguinte, elaborar nós embutidos de Porco Celta. Hoxe, estamos iniciando un proceso de colaboración cun elaborador en Carballiño, Castrovello, que fixo probas con chourizo de Porco Celta adaptado ao noso gusto, pero esta non é a solución para crecer e para dinamizar a nosa zona. Por iso, levamos xa tempo dándolle voltas a idea de montar unha pequena industria in situ. En 2010 queremos contar cunha pequena fábrica no parque empresarial de Beariz na que poder elaborar salchichón e chourizos de carne e de cebola.

Imaxinamos que para dar ese segundo paso, o de montar unha fábrica de elaboración, contarán co asesoramento axeitado...

Efectivamente, seguindo unha suxerencia do coordinador xeral de ASOPORCEL, Xosé Antonio Carril, o pasado mes de setembro diversos membros da directiva da Asociación, e eu mesmo, viaxamos durante unha semana por Extremadura para visitar diferentes explotacións de porco ibérico e adquirir a técnica e as destrezas necesarias para elaborar derivados do Porco Celta. Neste senso, recibimos as explicacións de diversos veterinarios e técnicos da zona que foron sumamente enriquecedoras.

Polo que sabemos, a SAT Oural tamén participa nunha experiencia de curación xunto a outros socios de ASOPORCEL?

Efectivamente, na visita que mencionaba tamén estivemos en Guijuelo (Salamanca) para pechar cunha fábrica un acordo encamiñado a elaborar distintos produtos de Porco Celta aproveitando a enorme experiencia que en curación teñen alí. Deste xeito, enviáronse un 55 porcós dos cales teremos en 6 meses lombos curados, en 18, paletas e en 24 xamóns. Aínda que teremos que esperar tempo polos produtos finais, confiamos en que esta será unha boa experiencia e que arrojará resultados certamente satisfactorios.

Como se posiciona actualmente o produto de Porco Celta nos mercados?

Hoxe a demanda é alta e non sempre lle podemos dar resposta. Por iso, aínda que facer a fábrica de elaboración en Beariz pode ser un proxecto arriscado cremos que é bo porque contribuirá a paliar esta demanda con produtos de calidade elaborados na nosa terra. E non podemos esquecer que en 2011 o Congreso Mundial do Xamón que celebraremos en Lugo será un escaparate fundamental no que amosar as excelencias da nosa Raza. O feito de ter ido a Extremadura e Guijuelo, estou seguro, vai supor un antes e un despois para o Porco Celta, para ASOPORCEL e para a SAT Oural, vai ser un punto de inflexión moi importante que culminará no Congreso.

Supoñemos que a promoción tamén é importante para o posicionamento do Porco Celta nos mercados.

A promoción é fundamental pero a perspectiva a crear debe ser axeitada. Debemos ser humildes e honestos co produto que mandamos ao mercado: debe cumprir coa calidade da Raza, isto é ten que ser criado, elaborado e comercializado en base a estándares de calidade e honestidade. Deste xeito, o éxito está asegurado. En Beariz facemos cada ano a "Festa do Porco Celta de Ourense"; o vindeiro 7 de marzo de 2010 celebraremos a cuarta edición dun evento que cada ano conta con máis asistentes, unha nova edición que celebraremos baixo a coordinación de ASOPORCEL. Festas como esta dan a coñecer o produto de Porco Celta e aumentan a súa demanda. Pero tamén

hai xente que proba o produto e se conciencia de que a cría de Porco Celta tamén é boa, anímanse a crialo polas súas cualidades. É isto é fundamental para nós, para a Asociación: debemos incrementar a demanda da cría do Porco Celta, porque así poderemos abastecer a elaboradores e mercados.

Queríamos preguntarlle tamén con qué apoio institucional conta a SAT Oural no seu camiñar diario...

Desde todas as institucións temos un apoio, non tanto económico, coma si técnico e de ánimo total, fora da cor que fora cada unha delas. Pero temos que mencionar especialmente á Deputación Provincial de Ourense, que a través do INORDE nos leva da man en todo o que necesitamos. Do mesmo xeito, o Concello de Beariz sempre deu resposta positiva aos nosos proxectos e segue estando ao noso lado, sobre todo na organización da Feira do Porco Celta. Coa Xunta de Galicia xa estamos a establecer contactos positivos e temos a gran sorte de contar cun valedor moi importante da nosa carne: o actual presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijoo a quen lle encanta a carne de Porco Celta.

Finalmente réstanos preguntarlle pola súa opinión acerca do futuro do Porco Celta e da SAT Oural de Beariz.

Se cumprimos as premisas que vimos de comentar, o futuro do Porco Celta é halagüeño e esperanzador. Así mesmo, a SAT Oural en 5 anos ten que ter definido totalmente o seu futuro: a fábrica de elaboración de embutidos ou os resultados de Guijuelo son elementos esenciais para o noso devir. O futuro e o presente vémolos con optimismo: a nosa Raza axuda a que os nosos montes teñan sentido; restauramos camiños abandonados; recuperamos a flora e toda unha raza autóctona; creamos postos de traballo nunha zona que estamos a dinamizar. Temos a ilusión e a convicción de que o imos conseguir.



Tomás Sancho, secretario da SAT Oural

Tomás Sancho é o secretario da SAT Oural. Aínda que non alcanza os 40 anos, é un gandeiro e un home experimentado no Porco Celta e, en parte, a boa marcha da SAT Oural débese a el:

Onde radica a importancia da SAT Oural, dentro do entorno rural de Beariz.

O aspecto quizais máis importante da SAT Oural é a perspectiva local que posúe. Beariz conta hoxe so con explotacións de Porco Celta e con dúas dedicadas ao vacún, pequenas. Por iso, sendo unha zona rural, vimos que a recuperación do Porco Celta antollábase fundamental. Investir na zona supuña unha xeración de riqueza, de traballo, á vez que se aproveitaban e recuperaban recursos naturais. Todo elo, supón unha contribución ao desenvolvemento da zona. Por exemplo, logo de moitos anos, volvemos a ver froitos nos acivros próximos á explotación. E o segundo aspecto importante é a potenciación da cría de Porco Celta coma segunda actividade.



Fálenos entón de este último aspecto.

Esta zona, coma moitas zonas rurais de Galicia, tiña á gandería e, en concreto o porco, coma complemento, coma unha segunda ou terceira actividade que reportaba uns ingresos extra, derivados da venda da súa carne, dos seus embutidos. Ademais, estamos a falar de explotacións pequenas que non quitaban moito tempo á xornada laborar, pero que eran un complemento esencial. Por iso o proxecto da SAT Oural é importante en canto que recupera ese ingreso extra que, engadido ao comentado anteriormente (recuperación socioeconómica e ambiental), supón falar dun proxecto moi completo. Na SAT os socios aportamos o capital pero a clave do éxito radica na explotación familiar. Neste senso, o noso proxecto é aberto: calquera que queira pode vender os seus animais de Porco Celta para o noso cebadeiro.

A SAT promove entón a pervivencia de explotacións familiares no momento en que está disposta a adquirir animais das mesmas...

Efectivamente, o que nos interesa é, ademais dos animais que cada socio aporta, adquirir novos exemplares que nos permitan estabilizar o cebadeiro. Cando o noso actual presidente, e un dos fundadores da SAT Oural, Eduardo Pazos, apostou polo Porco Celta e pola SAT foi porque vía que cando a demanda de produto baixaba, as explotacións quedaban co excedente, e isto desanimaba ao gandeiro. O cebadeiro da SAT absorbe o exceso de animais nas explotacións familiares e canalízaos cara a demanda dos elaboradores, diversificando a saída e abastecéndoos de forma máis estable. Deste xeito, pretendemos desestacionalizar e aumentar a oferta de Porco Celta. Neste estamos a traballar, engadido ao proxecto de crear a nosa propia fábrica de elaboración.

Pode definirmos as liñas de actuación presentes e futuras da SAT Oural?

Pretendemos en primeiro lugar, tal e como dicía anteriormente, abandonar a estacionalidade no subministro de animais aos elaboradores. Noutras verbas, buscamos a estabilidade, tratar de que se homoxeinice o proceso do cebadeiro de entrada e saída de animais.

O segundo aspecto esencial é a aposta por unha elaboración propia de produtos de Porco Celta. Aínda que non estamos cerca deste paso, acadalo permitiríanos deixar menos valor en mans de intermediarios e, o que é máis importante, abriríamos novas vías de comercialización exclusivas nas que garantiríamos a trazabilidade completa do produto, un valor engadido no mercado que aportaría maiores garantías de calidade ao consumidor. As nosas esperanzas de futuro están postas na comercialización, na apertura de novos mercados e na elaboración propia.

Apromoción sería clave en todo este proceso...

Evidentemente, toda forma de publicidade e de dar a coñecer o produto de Porco Celta é esencial para posicionármolos nun mercado cada vez máis esixente. Dende a páxina web, dende a cal algún día poderíamos comerciar produtos elaborados, ben da nosa fábrica ou de outros elaboradores, pasando por festas gastronómicas, degustacións, ata incluso o proxecto que vimos de iniciar en Guijuelo, que eu percebo coma un “leasing”. Un proxecto no que enviamos unha materia prima, os nosos animais, e que recuperamos coma un produto elaborado baixo técnicas e procesos moito máis avanzados que os de aquí.

Temos que aproveitar todos estes factores para dar a coñecer o Porco Celta e, porque non, abrir novos mercados, máis aló de Galicia. O noso é un produto novo e de moi alta calidade. Pero insisto, para acadar todo isto, o abastecemento de animais aos elaboradores ten que ser, no caso do noso cebadeiro, constante, ten que estar estabilizado. Deste xeito, o gandeiro non terá medo a producir porque sabe que ten unha saída segura dos seus leitóns a través da nosa SAT.

A labor de ASOPORCEL ao fronte da recuperación e promoción do Porco Celta é esencial. Como é a relación da SAT coa Asociación e que lle demandan a aquela?

ASOPORCEL é o organismo fundamental para canalizar o futuro do Porco Celta en Galicia. Neste senso, a nosa relación é boa porque o seu asesoramento e apoio son fundamentais. Por exemplo, foi fundamental a visita da directiva a Extremadura e Guijuelo promovida polo noso coordinador, José Antonio Carril. Unha demanda fundamental pola que loitamos no seu día e hoxe esta acadada (RD 1221/2009) é o recoñecemento para o Porco Celta da condición de extensivo. Para nós e para a Raza este aspecto é moi importante, garante a rendibilidade da nosa produción, e fai aos nosos animais máis felices, pois a Raza Porcina Celta non é raza de intensivo.

En resumo, a SAT Oural afronta o futuro coas ideas claras e con decisión...

Procuramos, no noso proxecto, unha simbiose entre os nosos animais, o ser humano e a natureza na que habitan e da que se nutren. En todo esto hai un compoñente de romanticismo, pero sen deixar de lado a rendibilidade. En todo caso, facendo as cousas con humildade e honestidade estamos seguros de que sairemos adiante con éxito.

En canto ás matanzas, comunicáranse estas á Asociación antes de realizarse, coa finalidade de poder realizar un control por parte de aquela.

Finalmente os gandeiros deben ter os animais que teñan que ser marcados ou identificados perfectamente aillados do resto, para facilitar o traballo do veterinario colaborador ou técnico cualificado para esa labor.

Novo Real Decreto sobre extensivo e programa sanitario

Dentro das actividades técnicas do programa de Expolugo 2009, celebrado no recinto feiral lucense do 2 ao 5 de setembro, ASOPORCEL impartiu, o 3 de outubro, dúas charlas formativas dirixidas a gandeiros e socios, que contaron coa participación de medio cento de persoas.

Programa Sanitario: unha vixilancia sanitaria necesaria

Alba García Golmar, veterinaria de ASOPORCEL, impartiu a primeira das charlas, centrada na importancia de levar a cabo un axeitado programa sanitario nas explotacións de Porco Celta.

A relevancia, cada vez máis acentuada, do programa sanitario ven motivada pola intensificación e concentración de poboacións de animais, o cal incrementa o risco de enfermidades. Neste senso, a preocupación pola saúde pública é cada vez maior, no que se refire á posible transmisión de enfermidades dos animais ao home.

Por outra banda, as perdas económicas derivadas desas posibles enfermidades (baixas de animais, restricións na compra-venda, etc.) fan necesario un sistema preventivo que sexa eficaz para impedir a aparición e desenvolvemento de enfermidades.

A implantación dun axeitado programa sanitario encamiñase a asegurar a prevención da introducción de enfermidades dos animais, evitando así mesmo a propagación das xa existentes, así como a protección da saúde humana e animal mediante a prevención, loita, control e, se é o caso, erradicación das enfermidades dos animais susceptibles de ser transmitidas á especie humana ou que impliquen riscos sanitarios que comprometan a saúde dos consumidores.



Neste senso, as Agrupacións de Defensa Sanitaria (ADS) son entidades fundamentais para asegurar o benestar sanitario. Estas agrupacións, formadas por propietarios de explotacións, eleva o nivel sanitario e produtivo e mellora as condicións zootécnicas das explotacións adscritas, mediante o establecemento e execución de programas e profilaxe, loita contra as enfermidades dos animais.

O titular de explotación deberá facilitar ás autoridades competentes, antes do comezo da súa actividade, ao menos os datos necesarios para o rexistro. Así mesmo, deberá comunicar os cambios nos datos consignados no rexistro nos prazos determinados para elo, que non poderá exceder un mes desde que se produzan. Finalmente os datos sobre os censos das explotacións comunicaranse polo menos unha vez ao ano. A este respecto, o censo comunicarse antes do 1 de marzo de cada ano, indicándose o censo medio do ano anterior ou o censo que se estableza nas disposicións normativas específicas de cada sector.



Programa para a loita, control e erradicación da enfermidade de Aujeszky (RD 636/2006)

Para levar a cabo a loita, control e erradicación de esta enfermidade, establécense catro categorías de calificación sanitaria:

Explotacións A0: aquelas nas que se descoñece a situación en canto á vacinación ou dos controis serolóxicos nos últimos doce meses.

Explotacións A1: aquelas nas que se coñece a situación da vacinación e dos controis serolóxicos no último control oficial efectuado.

Explotacións A2: aquelas na que se coñece a situación da vacinación e dos controis serolóxicos, con resultado negativo fronte á glicoproteína gE do virus da enfermidade de Aujeszky no último control oficial efectuado, sen que se iniciaran aínda as actuacións precisas para a súa calificación, ou téndoas iniciado, se aínda non finalizaron.

Explotacións A3 o A4: as explotacións con calificación sanitaria de indemne ou oficialmente indemne, respectivamente.

Gracias á participación de moitos gandeiros de ASOPORCEL no Plan de Vixilancia Sanitaria desenvolvido dentro do Programa de Cría pola Asociación, esta conseguiu realizar controis serolóxicos satisfactorios, o cal permitiu obter para aquelas unha cualificación de A2. Dende ASOPORCEL o obxectivo é avanzar cara á obtención dun status sanitario máis elevado e solicitar a obtención do título A3 (explotación indemne). Para elo, será necesario cumprir os seguintes requisitos:

- a) Que non se teñan rexistrado na explotación signos clínicos, patolóxicos ou serolóxicos da enfermidade de Aujeszky durante os últimos 12 meses.
- b) Que se manteña un plan vacinal aprobado pola autoridade competente da Comunidade Autónoma.
- c) Que se teñan realizado dous controis serolóxicos, con un intervalo mínimo de catro meses con resultado negativo.

Do mesmo xeito, para manter este título, será necesario:

- a) Que os animais da explotación non presenten signos da enfermidade.
- b) Realizar polo menos unha toma de sangue anual os reprodutores.

As explotacións de reprodución ou de cría, que en algún momento envíen animais para vida, deberán realizar no efectivo reproductor controis serolóxicos cun intervalo máximo entre eles de 170 días, a excepción das explotacións calificadas como indemnes ou oficialmente indemnes.

Enfermedades de declaración obrigatoria

Ademais dos controles e vacinación en Aujeszky, hai outras enfermidades incluídas no plan de seguimento e vixilancia serolóxica do gando porcino:

- Peste porcina clásica
- Peste porcina africana
- Enfermidade vesicular porcina

Con respecto a elas, nas explotacións de produción deberase realizar unha toma de mostras anual nos reprodutores. Esta análise farase de xeito conxunto coa de Aujeszky. No caso dos cebadeiros, os leitóns deberán proceder de explotacións de orixe nas que se teñan realizado os controis periódicos obrigatorios nos reprodutores con carácter negativo.

Instrucións sobre movementos de porcino da Raza Porco Celta

Aprobadas o 17 de marzo de 2008, os movementos de porcino pertencentes á Raza Porcina Celta deberán seguir as seguintes indicacións:

a) As explotacións con reproductoras cumprarán o programa vacinal, reflectindo todas as vacinacións no libro de tratamentos e ostentaran a calificación de indemnes de Aujeszky.

b) Todo movemento acompañarase do certificado sanitario de orixe (guía), aínda que se trate de movementos dentro de área.

c) Todos os animais estarán identificados.

d) Cunha excepción outorgada para poder realizar a recuperación do Porco Celta se permiten os movementos sempre que:

- Se fixera un control serolóxico dentro dos 30 días previos ó movemento das 4 enfermidades sometidas a control oficial.

- Se teña realizado na explotación control serolóxico dentro do programa sanitario.

e) Os animais destinados a sacrificio en matadoiro a partir deste ano 2009 deberán ir acompañados dunha “declaración de información sobre a cadea alimentaria de animais destinados a sacrificio” (RD 361/2009). Nela, o gandeiro informará sobre o estado sanitario da súa explotación, certificado para a seguridade alimentaria que se solicitará nas oficinas de Extensión Agraria no momento de sacar a guía.



Retos de futuro

Na mellora da calidade e seguridade do Programa Sanitario, ASOPORCEL, en relación aos seus socios e as súas explotacións, propónse dous retos fundamentais:

- A obtención da calificación sanitaria A3 das explotacións inscritas no Programa de Cría.

- A constitución dunha ADS de ámbito autonómico para gando Porcino Celta. Neste senso, xa se están a celebrar os primeiros encontros cos responsables nesta materia da Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia para tramitar unha solicitude de constitución da mesma.

Sistemas de aproveitamento de Porcino en Extensivo para Galicia: O novo Real Decreto sobre Extensivo 1221/2009

Xosé Antonio Carril, coordinador de ASOPORCEL foi o encargado de impartir a segunda das charlas formativas, baseada no novo Real Decreto 1221/2009, do 17 de xullo (publicado o 4 de agosto), polo que se establecen as normas básicas de ordenación das explotacións de gando porcino extensivo.

Os obxectivos do mesmo pasan por:

a) Reducir os custos de produción

b) Mellorar e reorientar a produción

c) Aumentar a calidade

d) Protexer e mellorar o medio natural, as condicións de hixiene e o benestar dos animais

e) Impulsar a diversificación das actividades agrarias

O porco celta, como raza autóctona que é, aproveita os recursos naturais que o medio lle ofrece. A súa grande rusticidade fai que sexa capaz de transformar insumos de pouco valor nutritivo en pezas cárnicas de alto valor culinario.

Coa reforma da Política Agraria Común (PAC), a Unión Europea encamiña a produción gandeira cara a explotación dos recursos naturais baseados nun modelo sostible, aplicando un código de boas prácticas gandeiras e medioambientais.

Grazas a publicación do RD 1221/2009 (BOP nº 187, do 4 de agosto de 2009) os sistemas de produción extensiva, ata o de agora só reservados para a raza de porco ibérico nas zonas de devesas do centro-sur do Estado, poden ser aplicados á nosa raza de porco celta. Un paso importante para recuperar o xenuíno “sabor” do porco do país.

Hoxe en día, por tanto, podemos ter varios sistemas de explotación do porco celta, pero basicamente se resumen en **cría intensiva ao aire libre ou extensiva.**



As explotacións intensivas ao aire libre, segundo a carga gandeira, poden ser:

Autoconsumo: 5 cebóns para destino exclusivo de consumo familiar e sen reprodutores.

Reducida: 5 reprodutores, podendo manter un número non superior a 25 cebóns.

Industrial: segundo se solicite no proxecto que será aprobado polas autoridades competentes.

As explotacións extensivas, pola carga gandeira poden ser :

Autoconsumo: 5 cebóns para destino exclusivo de consumo familiar e sen reprodutores.

Reducida: 5 reprodutores, podendo manter un número non superior a 25 cebóns. En todo caso, a explotación non poderá acoller unha cantidade de porcinos superior ao equivalente a 5 UGM.

Extensiva:

- do grupo primeiro: ata 37 UGM.
- do grupo segundo: de 38 a 112 UGM.
- do grupo terceiro: de 113 a 225 UGM.

Por **sistema extensivo** (segundo o RD 1221/2009), a diferencia do intensivo (RD 324/2000), enténdese a utilización de porcos con fines comerciais, nun área continua e determinada,

caracterizado por unha carga gandeira definida que nunca será superior aos 15 porcos de cebo/ha (2,4 UGM/ha), ou o seu equivalente segundo a seguinte taboa:

Porca con leitóns de ata 23 kgs.	0,30 UGM
Porca de reposición	0,14 UGM
Porco de 50 a 150 kgs.	0,16 UGM
Verraco	0,30 UGM

Ademais tamén se caracteriza polo aproveitamento directo dos animais dos recursos agroforestais durante todo o ano, principalmente polo pastoreo, de tal xeito que o aproveitamento, que pode ser complementado con aportación de materias primas vexetais e pensos, constituía a base da alimentación do gando na fase de cebo e permita o mantemento da base territorial, tanto nos aspectos económicos como medioambientais.

Desde ASOPORCEL recomendamos que para a produción do Porco Celta se faga dende os sistemas de explotación ao aire libre, que serán definido polas características da finca que se pretende explotar pero con respecto aos animais e ao medio ambiente.



Calidade diferenciada

Asemblea xeral de socios: a comercializadora de Porco Celta

O pasado 3 de outubro, o Pazo de Feiras e Congressos de Lugo acolleu a Asemblea Xeral Ordinaria na que se trataron diversos puntos relacionados coa marcha diaria da Asociación, e se aprobaron puntos certamente importantes.

De entre eles, destacou un proxecto novidoso que atopou a aprobación unánime da asemblea: a creación dunha reguladora de comercialización xestionada desde a propia Asociación, na que todos os socios que así o desexen poden participar, xa que se constituirá coma Sociedade Anónima.

O obxectivo da mesma é crear unha válvula de escape para que os animais atopen saída segura no mercado. É dicir, facilitar que todos os socios poidan vender os seus animais e, do mesmo xeito, que todos os elaboradores e comercializadores de produtos derivados do Porco Celta teñan dispoñibles abastecemento de animais para comercializar. ASOPORCEL ordenará os animais do campo de cara aos industriais elaboradores, buscando cebóns engordados naturalmente nas fincas dos socios e listos para o sacrificio. Se hai excedente, a comercializadora será a encargada de absorvelo e canalizalo transformándoo e farallo chegar ben ao gandeiro coma produto de el que poderá vender á súa vez, ben ao cliente-consumidor final.

O proxecto tamén garantirá que no proceso de comercialización os prezos sexan axeitados e se garantan os pagos. Así, propíciase que os gandeiros aposten polo Porco Celta baixo un enfoque profesional na súa produción. E non se verán abocados a sufrir un plantón na comercialización que lles obrigue a ter os animais retidos.

Deste xeito, o proxecto permitirá o medre exponencial do Porco Celta, o incremento da súa base produtiva, con vistas a ter un produto que ofertar con vistas á celebración do vindeiro Congreso Mundial do Xamón que terá lugar en Lugo en 2011. O obxectivo último, acadar a autosustibilidade tanto da produción do Porco Celta como dos socios e Asoporcel, antes de 2013, momento en que finalizará o programa da Axenda 2007-2013 da Unión Europea.

Actualmente estanse a redactar os estatutos da Comercializadora, logo da aprobación en Asemblea. Neste proceso de creación foi fundamental a visita que directivos de ASOPORCEL realizaron o pasado mes de setembro a Guijuelo (Salamanca) e Extremadura, co obxecto de visualizar e aprender os procesos de elaboración, produción e comercialización de proxectos exitosos de porco ibérico.

Da mesma forma, a asemblea serviu para planificar os eventos nos que o Porco Celta será protagonista no que queda de ano e de cara ao 2010. Analizouse o desenvolvemento do Programa de Cría en 2009 e foi exposto o informe de actividades levadas a cabo pola Asociación en 2009.

I Festa do Porco Celta na Fonsagrada

O vindeiro 28 de novembro, o Poboado Castrexo situado na Praza do Museo da Fonsagrada será o escenario elixido para a celebración da I Festa do Porco Celta desta zona. Organizada polo propio Concello e por ASOPORCEL, conta co financiamento da Deputación Provincial de Lugo. Será unha festa gastronómica que coincidirá coa temporada das matanzas e co comezo da época dos cocidos, tan apreciados na nosa terra.

O programa desta I Festa será o seguinte:

10:00 hrs | Apertura da feira

11:30 hrs. | Charla informativa de ASOPORCEL

12:00 hrs. | Recepción de autoridades e inauguración oficial na que se servirá produto para degustar.

12:30 a 14:00 hrs. | Retirada de tickets para a comida na palloza de ASOPORCEL

Dende as 13:30 hrs. | Xantar de Porco Celta.

Menú:

- Entremeses de embutidos de Porco Celta
- Caldo Celta (con castañas)
- Cocido de Porco Celta
- Postre: Castañas asadas
- Regado con viños da zona

Prezo: 25 € por comensal

O aforo para xantar nos restaurantes colaboradores é limitado polo que a reserva deberá facerse exclusivamente no teléfono de 982226252 (de 9.00 a 14.00 hrs. e de 16.00 a 19.00 hrs.) ata o 24 de novembro.



Actividades en 2010

Para 2010 ASOPORCEL prevé un programa de actividades moi intenso, debido a consolidación crecente de actos institucionalizados:

- Festa do Porco Celta de Beariz
- Festa do Porco Celta de Corcubión
- A Posta de Sarria
- Festa do Porco Celta de Manzaneda

Aos que se engaden outros novos compromisos, como será a participación do Porco Celta na cuadraxésimo segunda Feira do Cocido de Lalín.



VI Congreso Mundial do Xamón

Lembrarvos que o ano 2011 será un ano decisivo que marcará un antes e un despois para nós coa celebración deste importante evento.

No pasado mes de maio, o Comité Científico e Organizador do V Congreso Mundial do Xamón en Aracena (Huelva) resolveu adxudicar á candidatura de Lugo a organización do VI Congreso Mundial que terá lugar na primavera de 2011.

Desde Lugo acudiron a Aracena Rubén López, Director Xerente do Pazo de Feiras e Congresos de Lugo, e José Antonio Carril, Coordinador Xeral de ASOPORCEL, como entidades representantes da organización do VI Congreso Mundial do Xamón Lugo 2011.



Jamón

VI Congreso Mundial | LUGO 2011

ASOPORCEL como entidade colaboradora da Consellería do Medio Rural, encárgase principalmente da xestión do Libro Xenealóxico da Raza e do Programa de Recuperación. Asemade, centraliza e canaliza os esforzos, as dilixencias e os recursos para a organización e execución de todas e cantas actividades e eventos garden relación co Porco Celta. Como tal, ASOPORCEL ten a potestade e a obriga de supervisar calquera festexo, feira, actividade ou promoción da Raza.

As entidades interesadas en organizar calquera evento relacionado co Porco Celta, deben dirixirse a ASOPORCEL para pedir o modelo de solicitude tipificado para autorizar a realización de dito evento relacionado con esta raza e os seus produtos.

Recórdase aos señores socios que deben cumprir coas normas mínimas en materia sanitaria, de identificación, alimentación, medio natural, hixiene e benestar dos animais, de conformidade coa normativa comunitaria, nacional e autonómica.

As axudas das que dispoñemos en ASOPORCEL son cofinanciadas con Fondos FEADER recollidos no Reg. 1974/2006 da Comisión, do 15 de decembro.



I FESTA DO PORCO CELTA

28 Novembro 2009 | **A FONSA GRADA**

NO POBOADO CASTREXO, PRAZA DO MUSEO

I FESTA DO PORCO CELTA

PROGRAMA

10:00 hrs | Apertura da feira

11:30 hrs | Charla informativa de ASOPORCEL

12:00 hrs | Recepción autoridades e inauguración oficial
(Servirase produto durante o acto inaugural)

12:30 a 14:00 hrs | Retirada de tickets para a comida
na palloza de ASOPORCEL

Desde as 13:30 hrs | Xantar de PORCO CELTA

No transcurso do xantar realizarase o sorteo dun xamón de Porco Celta

AFORO LIMITADO

Reservas para xantar nos restaurantes colaboradores exclusivamente no **982 226 252**

Data límite: **24 de novembro**



DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO



CONCELLO DE
A FONSA GRADA

